

O INFORME SOCIOEDUCATIVO COMO FERRAMENTA DA EDUCACIÓN SOCIAL



1.- Presentación:

O *informe socioeducativo* é o instrumento técnico da educadora e o educador social no que se integran o proceso de avaliación de necesidades, planificación, desenvolvemento, coordinación e avaliación das accións socioeducativas levadas a cabo con suxeitos nos diversos escenarios de actuación da Educación Social. Serve como ferramenta de información e asesoramento técnico –concretada nunha proposta de intervención en situación de necesidade que require respostas educativas ante a demanda explícita do propio suxeito, doutra/o profesional, ante a demanda ou esixencia de información complementaria dentro dun proceso xudicial e/ou administrativo e por ultimo a propia demanda da educadora ou educador como ferramenta avaliativa da intervención profesional.

Neste senso é un documento base de coordinación, colaboración e traballo con outros servizos e profesionais do territorio e actúa como instrumento de referencia na reflexión e mellora da práctica profesional.

O informe socioeducativo é, en definitiva, “o instrumento da educadora ou educador social, no que se recolle a análise, diagnose e valoración dunha realidade determinada, que ten por finalidade informar sobre o proceso e recomendacións dunha situación que xustifica a intervención socioeducativa” (Benítez, 2013:12)

Hai uns anos, o grupo de traballo do Ceesg aBeira asumiu o reto de desenvolver un modelo de informe socioeducativo que se configurase como un instrumento profesional para a recollida de información e o traballo de intervención realizado polas e polos profesionais da Educación Social, adaptándose á intervención socioeducativa en calquera ámbito de traballo. Este traballo, que contou coa colaboración de profesionais do sector e do eido académico universitario, tivo como resultado o modelo de Informe Socioeducativo (ISE) que actualmente está dispoñible para consulta e descarga na páxina web do Ceesg.

Hoxe continúa o traballo de aBeira para acadar a consolidación deste modelo como ferramenta básica das e dos profesionais da Educación Social en todos os ámbitos, así como a súa estandarización nos procedementos nos que se implican as administracións públicas ou outras entidades e institucións coas que se traballa en rede dende a nosa profesión.

Con este curso preténdese afondar na ferramenta para darlle o mellor uso por parte das educadoras/es sociais.

2.- Datos básicos da formación:

Duración e datas: O curso desenvolverase do 27 de novembro ao 15 de decembro, tendo unha carga lectiva de 30 h.

Modalidade: Realizarase en liña a través de plataforma de teleformación do Ceesg con dúas conexións por videoconferencia que quedarán rexistradas na aula virtual para poder ser visionadas en diferido no caso de non poder asistir en tempo real, en horario de 17:00h - 19:00h (horario pendente de confirmación definitiva). Haberá tamén unha sesión presencial o día 5 de decembro en Santiago de Compostela. O reparto de horas de formación quedaría da seguinte maneira: 8h presenciais en Compostela, 4 horas de videoconferencias 18 horas de traballo persoal.

Lugar: Aula virtual do Ceesg.

Persoas destinatarias: Profesionais da Educación Social colexiadas no Ceesg e amigas/os do Ceesg, así como calquera colexiada dun colexio profesional adscrito ao CGCEES. As persoas que non sexan colexiadas pasarán a unha listaxe de agarda da que serán chamadas se non se cubren todas as prazas (50 prazas).

Cota de matriculación: 10€ para colexiadas e amigas e 50€ para Educadoras Sociais non colexiadas..

Límite alumnos: 50 máximo. Se na primeira semana de formación non se activa o perfil de alumno da plataforma acudirase a listaxe de agarda ata completar prazas.

Inscricións: Na páxina web do Ceesg. www.ceesg.gal

3.- Obxectivos:

- Familiarizar ao persoal técnico educador/a social da Administración Local, desde unha perspectiva práctica, co manexo do ISE e cos criterios para a súa elaboración
- Fomentar o uso do ISE como ferramenta estandarizada na acción socioeducativa
- Adquirir os coñecementos e habilidades necesarias para elaborar informes socioeducativos
- Identificar os procedementos nos que é pertinente o uso do ISE
- Ofrecer pautas para o tratamento da información recollida nos ISE

4.- Contidos:

- Informe socioeducativo. Concepto, estrutura e elaboración
- Consideracións xerais. Que, como e a quen informar
- Criterios a ter en conta para elaborar o ISE
- Tratamento da información: protección de datos, utilización da linguaxe, selección da información
- Casos prácticos

5.- Metodoloxía:

A formación realizarase en formato online (sincrónica) para poder facilitar a participación de profesionais de distintos lugares de Galicia e contará tamén con carga horario en modalidade asincrónica, constará tamén, dunha xornada presencial o día 5 de decembro en Compostela.

A formación incluírá:

- Sesións en liña
- Xornada presencial
- Materiais básicos e complementarios (pdf)
- Actividades/tarefas (docx)
- Espazo para o debate
- Vídeos

Levaranse a cabo un total de 2 sesións, cunha duración de 2 horas cada unha, durante as que haberá unha presentación teórica, unha dinámica grupal e a presentación dun caso práctico.

Propoñerase o visionado de contidos audiovisuais que permitirá complementar o traballo que se realizará módulos de traballo. Para elo será necesario que ademais do visionado se responda a unhas preguntas que logo sirvan de reflexión común nas sesións online.

6.- Avaliación:

Cada sesión en liña versará sobre os contidos subidos con anterioridade á plataforma. Os contidos incluírán bibliografía e recomendacións sobre o falado.

Para superar a formación de xeito satisfactorio é necesario:

- Asistencia á xornada presencial e preferentemente participación nas sesións en liña

- Realización das tarefas
- Participación activa nos foros de debate

Realizarase unha proba final de cada un dos temas realizados e requerirase a achega dun traballo final.

7.- Servizo de educación e apoio familiar

O programa de Educación Familiar é un servizo educativo e psicosocial de prevención, intervención e apoio dirixido ás familias e a toda a comunidade.

Ten como finalidade promover a calidade de vida e o benestar social das familias e dos membros que a integran. Persegue a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio, a partir dun proceso construído entre as familias, as/vos profesionais e os axentes da súa comunidade.

Obxectivos xerais:

- Ofrecer apoio socioeducativo integral ás familias, como marco de referencia onde se desenvolven as persoas.
- Fomentar a autonomía e a integración na contorna de todas as familias, garantindo o respecto aos seus dereitos.
- Promover o recoñecemento social das familias como principais axentes educadores.
- Promover e dinamizar redes comunitarias de apoio e axuda mutua ás familias, favorecendo a prevención de situacións de risco e dificultade sociofamiliar.

8.- Aspectos normativos e deontolóxicos a ter en conta para cumprimentar o informe:

No proceso de elaboración do informe a educadora ou educador social deberá ter en conta os principios e normas deontolóxicas xerais (respecto aos dereitos humanos, respecto aos suxeitos da acción socioeducativa, xustiza social, profesionalidade, acción socioeducativa, autonomía profesional, participación comunitaria, complementariedade de funcións e coordinación).

En concreto, manterá sempre unha rigorosa profesionalidade no tratamento da información en relación ao/s suxeito/s de intervención socioeducativa (artigo 7, Código deontolóxico da educadora e educador social):

- a) Terá dereito a recibir toda a información relativa ás persoas coas que teña relación, a través da acción socioeducativa.
- b) Deberá preservar a súa confidencialidade.
- c) Será consciente de cal é a información relevante que precisa obter das propias persoas e/ou do seu ámbito.
- d) Transmitirá, unicamente, información veraz e contrastada e separará, en todo caso, a información das valoracións, as opinións ou os prognósticos.
- e) Cando teña que transmitir dita información, farao co coñecemento do suxeito da acción, o seu representante ou titor/a e, se é posible, co seu consentimento.
- f) Non poderá en ningún caso, aproveitarse para beneficio persoal ou de terceiros da información privilexiada, do coñecemento de situacións ou da posición que lle proporciona a súa profesión.

En canto á redacción, deberá empregarse una linguaxe sinxela, intelixible e respectuosa coa integridade das persoas, ter en conta a perspectiva de xénero, estruturar e organizar o documento de xeito claro, incluír só datos contrastados e/ou observados priorizando a perspectiva e intereses da/s persoa/s coa/s que se traballa; así como garantir a non manipulación dos datos incluídos e recollerá a información necesaria para a finalidade do informe.

O informe redactarase atendendo -fundamentalmente- á lexislación vixente en materia de servizos sociais, infancia, familia, protección de datos, etc.

Para cumprimentar o informe, é preciso que a/o profesional sinale tanto as potencialidades como as vulnerabilidades que existen e que poden contribuír á mellora da situación na que se atopa a persoa e/ou grupo, formulando obxectivos en diferentes áreas de intervención (convivencial, saúde, educativa, etc.).

No tocante á valoración profesional, garantirase que a persoa titular do expediente sexa informada de xeito áxil, suficiente, comprensible e veraz.

Garantirase que a persoa titular do expediente sexa informada da emisión do informe e do contido do mesmo. As persoas destinatarias salvagardarán a confidencialidade de terceiros.

Por último, o informe socioeducativo deberá ir debidamente asinado pola educadora ou educador social con indicación do seu número de colexiada/o.

9.- Guión Para Cumprimentar O Informe

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Emitido por:

Educadora ou educador social que elabora o informe socioeducativo.

Entidade/Concello:

Organismo ou institución de carácter público ou privado encargada de xestionar e emitir o informe.

Nº de expediente (entidade que emite o informe):

Orde numérica ou clave identificativa da persoa titular do informe socioeducativo.

Dirixido a:

Profesional e/ou servizo destinatario do informe.

Motivo/demanda:

Razón ou razóns que xustifican a emisión do informe.

Fase da intervención:

Etaqa concreta do proceso de actuación socioeducativa na que se elabora o informe (inicial, desenvolvemento ou finalización).

Data de emisión:

Día/mes/ano no que se asina o informe.

1. DATOS DA PERSOA TITULAR.

Enténdese por titular do expediente a persoa acerca da que se elabora o informe.

Nome e apelidos

Nome e apelidos da persoa.

Data de nacemento

Data de nacemento da persoa.

DNI/outros documentos

DNI da persoa, NIE Pasaporte.

Representante legal (se procede)

Enténdese por representante legal a/s persoa/s ou institución que exerce/n a garda ou tutela, tanto no caso de menores como en situacións de incapacidade legalmente recoñecida.

Enderezo:

Domicilio habitual da persoa. Este dato debe estar actualizado a efectos de notificación. Especificarase o domicilio de empadramento cando este difira do lugar habitual de residencia.

Teléfono e correo electrónico:

Número de teléfono da persoa. O mesmo que no caso anterior, este dato debe estar actualizado a efectos de poder contactar co suxeito. Se existe máis dun teléfono é conveniente recoller esta información, o mesmo que o correo electrónico.

2. UNIDADE DE CONVIVENCIA.

Nome, apelidos, data de nacemento e relación da/s persoa/s coa/s que se realiza a intervención socioeducativa. Tratarase de persoas que convivan no mesmo domicilio, estean ou non empadroadas, sen que necesariamente implique relación de parentesco.+

3. AVALIACIÓN INICIAL DE NECESIDADES.

Avaliación inicial por áreas da situación persoal e socio-familiar, destacando as potencialidades e os recursos facilitadores existentes.

Detección, identificación e análise de necesidades; toma de contacto entre o profesional e a/s persoa/s; valoración e xerarquización de necesidades; elaboración da síntese da avaliación inicial.

3.1. ÁREA CONVIVENCIAL

➤ COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA FAMILIAR:

- Membros da unidade de convivencia.
- Persoa/s que exercen de coidadoras principais cando haxa menores e/ou persoas con incapacidade legalmente recoñecida.

➤ DINÁMICA FAMILIAR:

1. Relación que mantén coa/s persoa/s coas que convive:
 - Vínculos afectivos presentes na interacción e influencia dos mesmos no desenvolvemento persoal, familiar e social.
 - Estilos de comunicación na dinámica familiar.
2. Historia persoal e antecedentes familiares:
 - Acontecementos relevantes das/os proxenitoras/es ou titoras/es en canto á relación que mantiveron coa familia de orixe e outras figuras de apoio.

- Acontecementos relevantes na historia persoal en relación coa familia de orixe.

- Acontecementos relevantes na historia persoal con outras figuras de apoio.

3. Relación actual coa familia extensa:

- Relación do suxeito coa familia extensa.

- Influencia da familia extensa na vida familiar.

- Apoio que as e os familiares poden proporcionar.

- Existencia de situacións de conflito na relación.

4. Outras relacións:

- Relacións con persoas do seu entorno que participen e/ou inflúan na vida familiar (veciñanza, amizades, etc.).

5. Utilización de espazos residenciais:

- Espazos para desfrute en familia.

- Espazos habilitados para estudo, descanso, lecer.

6. Xenograma.

3.2. ÁREA ECONÓMICA-LABORAL

➤ SITUACIÓN ECONÓMICA:

- Ingresos, fonte, regularidade. Existencia de débedas que dificultan a vida diaria.

- Prestacións económicas que reciben (tipo, periodicidade,...).

- Xestión de ingresos:

- Grao en que os ingresos permiten cubrir as necesidades básicas.
- Organización da economía doméstica.
- Habilidades de organización.

➤ SITUACIÓN LABORAL:

- Traballo desempeñado, condicións de contratación, horario laboral.

- Motivación e expectativas no ámbito laboral.

- Busca activa de emprego.

- Conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

3.3. ÁREA DE SAÚDE

- Certificación de discapacidade. Grao.

- Situación de dependencia. Grao.

- Enfermidades ou vulnerabilidades. Influencia no seu desenvolvemento individual, familiar e/ou social.
- Aspectos emocionais e/ou comportamentais. Influencia no seu desenvolvemento individual, familiar e/ou social.
- Uso abusivo de drogas, alcohol e/ou fármacos.
- Enfermidades ou vulnerabilidades noutros membros da unidade de convivencia.
- Acceso aos recursos sanitarios.

3.4. ÁREA EDUCATIVA

- ANTECEDENTES ESCOLARES E/OU FORMATIVOS:
 - Centros educativos.
 - Evolución escolar.
 - Actuacións significativas: existencia de adaptacións curriculares, apoios educativos, etc.
- SITUACIÓN FORMATIVA ACTUAL:
 - Nivel formativo.
 - Centro educativo.
 - Necesidades educativas.
 - Participación e satisfacción na formación:
 - Participación en actividades.
 - Pertenza e implicación nas ANPA (Asociacións de Nais e Pais do Alumnado) e/ou outras asociacións.
 - Cumprimento da normativa do centro: asistencia, puntualidade, etc.
- EXPECTATIVAS DE FORMACIÓN:
 - Intereses formativos.
 - Posibilidades formativas: horarios, conciliación, requisitos de acceso, etc.
- FAMILIA E EDUCACIÓN:
 - Recoñecemento das necesidades educativas.
 - Seguimento da evolución formativa (citas co profesorado -asistencia a titorías e periodicidade-, tarefas escolares, material escolar, etc.).
 - Expectativas da familia en relación ás capacidades da persoa (físicas, intelectuais, responsabilidades que poden asumir, etc.).
 - Estilos educativos (autoritario, permisivo, tolerante, sobreprotector...).
 - Responsabilidades asumidas pola/o menor (familiares, escolares, etc.) e

desenvolvemento das mesmas.

3.5. ÁREA SOCIAL

- Oportunidades/vulnerabilidades para a relación social. Existencia de persoas coas que mantén relacións próximas e de apoio mutuo, relacións con iguais, redes de apoio, relacións sociais (illamento, conflitividade significativa), etc.
- Oportunidades/vulnerabilidades para a relación social das/os proxenitoras/es e titoras/es.
- Supervisión das/os proxenitoras/es e titoras/es das relacións sociais das/os menores e identificación das súas necesidades.
- Participación na comunidade, en recursos educativos/culturais, movementos asociativos, veciñais, actividades sociais organizadas.
- Actividades habituais no tempo de lecer por parte dos membros da familia.
- Realización de actividades familiares conxuntas.
- Coñecemento de recursos e alternativas para o tempo de lecer.

3.6. SÍNTESE DA AVALIACIÓN INICIAL

Síntese global da avaliación inicial realizada nas diferentes áreas, destacando as principais potencialidades e vulnerabilidades que se presentan en cada unha delas.

4. PLAN DE TRABAJO SOCIOEDUCATIVO.

Elaboración do plan de traballo socioeducativo en base á avaliación inicial realizada (axuntar ao informe o compromiso de colaboración, asinado polo profesional e pola/s persoa/s que van participar no plan de traballo).

Establecemento e acordo de obxectivos do Plan de traballo socioeducativo, delimitación das actuacións, avaliación procesual da idoneidade das intervencións realizadas, rexistro dos avances e resultados das actuacións levadas a cabo e outros cambios relevantes na situación actual da/s persoa/s participante/s.

4.1. Obxectivos xerais do Plan de traballo socioeducativo.

4.2. Metodoloxía empregada para o desenvolvemento do Plan.

4.3. Áreas de intervención: obxectivo xeral da área, obxectivos específicos, actuacións/actividades, recursos e temporalización.

4.4. Avaliación: valoración do grao de consecución dos obxectivos por áreas.

5. VALORACIÓN E PROPOSTA.

Valoración e proposta:

Valoración da situación actual e proposta do/a educador/a social.

Servizo ao que se deriva:

Adecuación do servizo segundo a situación reflectida no informe.

SINATURA (nº de colexiación)

Sinatura do/a educador/a social responsable da súa elaboración, indicando número de colexiación.

10.- Docente:



Sonia González Rodríguez

Educadora social. Colex. nº 3402

Diplomada e Graduada en Educación Social, Especialista en Intervención Familiar e en Mediación Familiar.

Formación en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade e violencia.

Intervención familiar dende o Servizo de Educación e Apoio Familiar do concello de Arteixo.

Docente - preparadora en prazas de Educación Social.

Actualmente é a Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg.

www.ceesg.gal | 981.552.206



ceesg.gal | 981.552.206